

## Relativismo e relatividade

O concepto de **absoluto** tivo orixe no ámbito relixioso co intento de explicar a existencia e a orixe do Universo *“en que vivimos, estamos e somos”*. O **absoluto** era como unha última causa do mesmo.

Os homes primitivos recoñecían unha personalidade propia detrás de cada fenómeno. Todo obxecto externo era manifestación dalgún poder que non dependía del: un poder inmaterial, un principio activo. En xeral, consideraron que o trazo máis dominante da existencia era o sol. O sol era a fonte da vida, o principio activo supremo, o demiúrgo ou deus creador de todas as cousas.

En Mesopotamia **Anu**, o *“señor do ceo”*, foi considerado a fonte de toda lei e de todo orde. En Exipto dicíase que **Atum**, o deus-sol, foi autocreado e por medio do seu pensamento e da súa palabra fixéronse todas as cousas. (Despois foi convertido en **Ra-Atón** e, máis tarde, en **Amón-Ra**). Os pobos semitas tiñan a **El** como *“o altísimo Deus”*, logo suplantado polo seu fillo **Baal**, deidade *“rei do ceo”*, autor da creación e supremo xuíz. Os hebreos, da rama occidental dos semitas, transformaron a **El** ou **Eloah**, mediante un plural de respecto, en **Elohim** e aplicáronlle os atributos a **Yahvé**, como exclusivo *“deus de Israel”*.

*“Ao principio creou Elohim (Yahvé) o ceo e a terra...”*. –Xn. 1.1-

Hai case dous mil cincocentos anos, un home chamado Heráclito de Éfeso (540-480 a. C.) compuxo un revolucionario tratado filosófico: *“Sobre a natureza”*. El era sacerdote do templo da deusa Artemisa (un dos santuarios máis importantes da antigüidade, que tivo unha influencia singular na relixión cristiá) e dedicou a esa deusa a obra en que expoñía a súa doutrina.

*“O mundo é un e non foi creado por ningún deus, nin por ningún home, senón que foi, é e será un lume eternamente vivo, que arde segundo unha lei e se apaga segundo unha lei”*.

Para Heráclito *“o elemento material fundamental é o lume”*. A partir deste primeiro elemento *“foron aparecendo, por medio de sucesivos cambios – metamorfoses- a auga, a terra e todas as demais cousas e, mediante un proceso inverso, todo volverá ao lume e se consumirá nunha fogueira universal”*. *“Por iso, todo cambia constantemente, todo flúe –panta rhei-, todo é devir”*. A realidade hai que entendela como **proceso** ou **cambio**.

No ámbito filosófico, o relativismo rexeita toda verdade absoluta. A continuación de Heráclito, o filósofo Protágoras (485-410 a. C.), no seu escrito sobre a *verdade* expresou o principio: “*O home é a medida de todas as cousas*”.

Pasaron os séculos e hai uns catrocentos anos, Galileo Galilei (1564-1642), profesor da universidade de Padua, astrónomo, físico, inventor do microscopio e do telescopio, modificou os conceptos da física clásica co principio de *relatividade restrinxida*, negando o carácter absoluto do tempo e da distancia. H. A. Lorentz, en 1896, formulou matematicamente as referencias de Galileo.

Foi Albert Einstein quen revolucionou todos os conceptos da física ao presentar en 1915 a teoría da *relatividade xeral*, desenvolvéndoa matematicamente, que “*describe un Universo que non é estático*”.

En 1927 George Lamaître, cura católico belga, deduciu a lei que simboliza a expansión do Universo. Pero ademais pensou que, nun principio “*tiña que haber sido moi pequeno, ata rematar nun punto, o punto da orixe*”. De aí que falemos hoxe do **Big Bang** (ingl. *gran estoupido*), a inicial explosión da enerxía que deu orixe ao Universo en que vivimos e do que formamos parte. Os ecos desa explosión primixenia, orixinada hai millóns de anos (contando en unidades do noso tempo) aínda resoan nos eidos do Universo e poden rexistrarse na actualidade.

O 10 de novembro é o Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento. Con esta celebración a ONU pretende acercar a ciencia á sociedade para que todas as persoas teñan os coñecementos científicos necesarios para a súa vida:

“*A ciencia é a ferramenta que creou o ser humano tanto para comprender o mundo que o rodea como para aplicar eses coñecementos en beneficio seu...*”.

**Hermar Ron Dagan**